


**CADERNO DIDÁCTICO  
PARA SECUNDARIA**

**O Neolítico  
A Idade do Bronze  
A Idade do Ferro**



NOME .....

APELIDOS .....

CENTRO .....



Centro Arqueolóxico  
do Barbanza

## **Centro Arqueolóxico do Barbanza.**

Caderno didáctico para secundaria.

O Neolítico.

A Idade do Bronce.

A Idade do Ferro.

Ilustracións e deseño:

Pepe Carreiro.

Coordinador didáctico do Caderno:

Víctor J. Barbeito Pose

Técnico-arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza.

Depósito Legal C 2244-2008



WIFI CARREIRA INC



Centro Arqueológico  
do Barbanza

Fai aproximadamente 8.000 anos, a vida das xentes que pisaba as nosas terras coñece unha serie de cambios que lle fan mudar o seu sistema de vida, estamos falando da chegada do **Neolítico**. A partir deste momento as sociedades pasarán a ser productoras do seu propio alimento, e darán lugar a aparición da **gandería**, a **agricultura** e a **cerámica**, entre outras actividades. Tamén se da neste momento un novo tratamento dos mortos e conforme avance o Neolítico irase modificando o rito funerario, desencadeando a aparición do **megalitismo**.

**1. Qué manifestación cultural pertence a cada momento? Une con frechas ambas columnas:**


- |                   |                  |
|-------------------|------------------|
| Megalitismo.      | Idade do Ferro.  |
| Arte rupestre.    | Neolítico.       |
| Cultura castrexa. | Idade do Bronce. |

**2. Que sucedeu antes?**

- O Neolítico.       A chegada e conquista romana.       O descubrimento da metalurxia.

**3. Na ilustración anterior aparecen varias ferramentas utilizadas na época neolítica, nomea alomenos dúas:**

---




4. Existe algunha diferenza entre un dolmen e unha mámoa?     Si.     Non.

5. Nunha liña describe que é un túmulo:


---

6. Debuxa un idoliño.



7. Verdadeiro ou falso:

- As sociedades neolíticas son sociedades depredadoras, e dicir, cazan e recolleitan fundamentalmente.
- Na península do Barbanza son escasos os túmulos megalíticos.
- Os túmulos comezan a construirse no V milenio a.C., e dicir, arredor do 4.500/4.200 a.C.
- A xente dos castros era enterrada sempre nos túmulos más grandes.



Centro Arqueológico  
do Barbanza

**8. Completa:**

Un túmulo megalítico está formado por varias partes, normalmente o primeiro paso para construílo era acondicionar e preparar a zona onde se ía erguer; a continuación cravábanse os chantos que forman parte da \_\_\_\_\_, lugar no que posteriormente se depositará o defunto para que repousen os seus restos. Outras das partes que habitualmente forman parte do túmulo é a \_\_\_\_\_, que ten como finalidade conter as terras, o que lle da unha apariencia de montículo.

**9. Os túmulos megalíticos son facilmente identificables no campo, por qué?**

---


---

**10. En moitas ocasións os túmulos megalíticos foron saqueados por buscadores de tesouros e metais preciosos, crese que antigamente agachaban estes materiais prezados nos túmulos? Razoa a túa resposta.**

---

---

---



Pouco a pouco as sociedades vanse desenvolvendo, adquirindo novos costumes e descubrindo novas técnicas e medios de produción.

Co descubrimento da **metalurxia** (proceso no cal se transforma o mineral en metal) dáse por rematado o Neolítico e iniciase a **Idade dos Metais**, que podemos clasificar en **Idade do Cobre**, **Idade do Bronce** e **Idade do Ferro**.

Durante a Idade do Bronce ten lugar o máximo apoxeo da arte rupestre, dando lugar a aparición do que se coñece como **grupo galaico de arte rupestre**, que se localiza principalmente na fachada litoral atlántica galega, da cal forma parte a península do Barbanza.

1. Porqué se chama Idade do Bronce?


---

2. Nunha liña, qué é un petroglifo?

---

3. Significa o mesmo arte rupestre que petroglifos?

---



4. Nomea alomenos un instrumento que fose fabricado durante a Idade do Bronce:

---

5. Desde o punto de vista temático, existen dous tipos de petroglifos: os abstractos ou xeométricos e os naturalistas ou figurativos. Saberías clasificar os seguintes petroglifos segundo sexan dun tipo ou doutro?



6. Expón dúas posíbeis interpretacións ou finalidades dos petroglifos:

---

---



Centro Arqueológico  
do Barbanza

7. Coñeces algún petroglifo preto da túa casa? Cómo se chama? De que tipo é: abstracto ou figurativo?

---

8. Sabes alomenos dúas das causas más habituais que destrúen os petroglifos?


---

9. Verdadeiro ou falso:

- Os petroglifos normalmente aparecen en pedras ao aire libre, pero en ocasións tamén feitos sobre barro ou arxila.
- Para poder identificar con maior facilidade os petroglifos hai que ir ou a primeira hora da mañá ou a última da tarde (dependendo dos casos), cando a luz do sol é rasante e permite localizalos con maior facilidade.

10. No Centro Arqueolóxico atópase depositado un petroglifo orixinal, saberías dicir onde está? Como o clasificarías (abstracto ou figurativo)? Tenta debuxalo:

---



WIFI CABRAL 2012



Centro Arqueológico  
do Barbanza

Fai 3.000 anos aproximadamente, coa chegada do I milenio a.C. vaise ir pasenñamente da Idade do Bronce á Idade do Ferro (s. VII a.C.), dando lugar aos primeiros asentamentos permanentes, que son os **castros**. As dos castros eran sociedades **excedentarias**, e dicir, producían alimentos en cantidades superiores ás súas necesidades de alimentación, o que permitiu a aparición dun sector artesanal moi especializado.

**1. Por que se chama Idade do Ferro?**

---

**2. Nunha liña describe qué é un castro:**


---

**3. Nomea tres dos materiais habituais cos que se constrúen as vivendas dos castros:**

---

---

---



4. No debuxo aparece unha das partes fundamentais das vivendas castrexas, sabes cómo se chama? Para que serve?



---

---


6. Cómo se chaman as antigas pesas das redes que servían para pescar?

---

7. Completa.

Un castro dispón de moitos elementos que forman parte do sistema defensivo, como poden ser as \_\_\_\_\_ de pedra que rodean e protexen a zona de vivendas, tamén chamada a \_\_\_\_\_ polis.

As vivendas dos castros non sempre son redondas, en moitas ocasións son \_\_\_\_\_, rectangulares ou mesmo dun sistema mixto que incorpora distintos tipos de espazos.



Centro Arqueológico  
do Barbanza

**5. As xentes que vivían nos castros seguían fabricando útiles de pedra?** \_\_\_\_\_

**8. Verdadeiro ou falso:**


- Os castros só están nos zonas de litoral.
- Os cuncheiros son zonas de reserva de alimentos, unha especie de despensa onde se conservaban fundamentalmente mariscos e peixes.
- As ánforas servían para transportar aceite, viños e salazóns, áinda que unha vez consumido o seu contido eran reutilizadas para transportar minerais cara o Mediterráneo.

**9. Sabes cal é a única peza orixinal que se conserva na exposición permanente? Para que serve?**

---

**10. Entre as seguintes escolle catro plantas vexetais que servisen como alimento da xente que vivía nos castros:**

Landras, centeo, cebada, millo, trigo, chícharos, patacas e avelás.



Centro Arqueológico  
do Barbanza

Sinala neste plano de Galicia en que lugar nos atopamos:



**Que actividade che gustou máis?**

- Sala de exposicións permanente.
- Itinerante.
- Visita ao xacemento arqueolóxico ou ao video.

**Pareceuche interesante?**

- Nada.
- Pouco.
- Bastante.
- Moito.

**Resultouche difícil cumplimentar o caderno?**

- Moi sinxelo.
- Sinxelo.
- Difícil.
- Moi difícil.

**Recomendaríaslle a algúñ coñecido que nos visitase?**

- Si.
- Non.

**Gustouche o Centro de Interpretación?**

- Nada.
- Pouco.
- Bastante.
- Moito.

**Que foi o que máis che sorprendeu?**

---

---

---

---



Centro Arqueolóxico  
do Barbanza